

nómico-Financeira e Contable (Cixtec) e a Fundación I+D del Software Libre.

Obxecto: regulamentar a colaboración entre o Cixtec e a Fundación I+D del Software Libre co fin de desenvolver en común proxectos, estudos e actividades, que se concretará en cada caso mediante acordos específicos e que serán considerados como anexos a este convenio marco.

Sinatura: 17 de xaneiro de 2008.

Importe: 0 €.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2008.

Gonzalo Gómez Montaña

Director xeral do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 15 de maio de 2008 pola que se fai pública a modificación das bases reguladoras das axudas para a bonificación dos gastos financeiros nos préstamos do Instituto Galego de Promoción Económica para financiar proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia con fondos do Banco Europeo de Investimentos (BEI).

Mediante Resolución do 12 de decembro de 2007 fixéronse públicas as bases reguladoras das axudas para a bonificación dos gastos financeiros nos préstamos do Igape para financiar proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia con fondos do Banco Europeo de Investimentos (BEI) (DOG nº 244, do 19 de decembro).

Nas citadas bases recóllese a posibilidade de subsidiar a comisión de apertura e ata 3 puntos dos xuros, no caso de que os beneficiarios de tales préstamos sexan microempresas ou pequenas ou medianas empresas (Pemes), segundo a definición adoptada pola Comisión Europea, feita pública para os efectos do Igape mediante a Resolución do 27 de decembro de 2004 (DOG nº 11, do 18 de xaneiro de 2005).

Por outra parte, poden ser beneficiarias do programa de préstamos do Igape, cun límite de ata un terzo do préstamo global outorgado polo BEI, aquelas empresas que cumpran individualmente cos límites financeiros establecidos para ser consideradas Pemes, segundo a definición adoptada pola Comisión Europea, pero non cumpran co criterio de independencia (aquelas que teñan máis do 25% do seu capital ou dereitos de voto en mans dunha ou varias sociedades ou entidades, as cales non respondan á definición de Peme).

Para este tipo de posibles beneficiarios, que non poden acollerse á bonificación dos xuros e da comisión de apertura, as condicións desta liña de financiamento do Igape son similares ás que poden acceder no mercado financeiro.

Non obstante, este tipo de empresarios emprenden en moitos casos proxectos de investimento que resultan de grande interese de apoio, polo seu carácter dinamizador, localizándose en determinadas zonas xeográficas prioritarias, como son os municipios de Ferrol, Eume e Ortegá, a Costa da Morte, e a Comarca de Valdeorras, ou noutros municipios preferentes, sen que poidan ser apoiados mediante a bonificación dos xuros.

Por iso o Consello de Dirección do Igape acordou, na súa xuntanza do 25 de abril de 2008, modificar as ditas bases reguladoras, de xeito que se permita aos citados posibles beneficiarios acceder ao financiamento do Igape con fondos do Banco Europeo de Investimentos coa mesma bonificación que as pemes independentes, para os proxectos localizados nos municipios preferentes citados.

Por todo o anterior e en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar a seguinte modificación das bases reguladoras das axudas para a bonificación dos gastos financeiros nos préstamos do Igape para financiar proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia con fondos do Banco Europeo de Investimentos (BEI) (DOG nº 244, do 19 de decembro de 2007) a cal se anexa a esta resolución.

Segundo.-Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2008.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

Modificación das bases reguladoras das axudas para a bonificación dos gastos financeiros nos préstamos do Igape para financiar proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia con fondos do Banco Europeo de Investimentos (BEI)

-Engádese un novo punto 2.4 ao artigo 2º:

«2.4. Tamén poderán ser beneficiarias as empresas que cumpran individualmente cos límites financeiros establecidos segundo a definición adoptada pola Comisión Europea, feita pública para os efectos do Igape mediante a Resolución do 27 de decembro de 2004 (DOG nº 11, do 18 de xaneiro de 2005), pero non cumpran co criterio de independencia (aquelas que teñan máis do 25% do seu capital ou dereitos de voto en mans dunha ou varias sociedades ou entidades, as cales non respondan á definición de PEME), sempre e cando:

a) Cando o proxecto se localice nalgún dos municipios preferentes relacionados no anexo III, ou ben cando o proxecto sexa declarado de especial carácter dinamizador polo Consello de Dirección do Igape.

b) Que a actividade que se vaia desenvolver non estea nas excepcións establecidas no Regulamento (CE) 1628/2006, do 24 de outubro (DOUE L 302/29, do 1 de novembro), relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas rexionais ao investimento».

-Engádesse un novo punto 5.3 ao artigo 5º:

«5.3. Serán subvencionables xuros e comisións de apertura dos préstamos utilizados para financiar os investimentos realizados e pagados dentro do prazo de vixencia establecido na resolución de concesión. No caso de investimentos dos beneficiarios aos que se refire o artigo 2.4º, o dito prazo iniciárase con posterioridade á recepción da notificación do Igape da elixibilidade do proxecto, e non serán subvencionables os proxectos cuxa execución sexa iniciada previamente á confirmación por escrito do Igape de que, suxeito ao resultado final derivado dunha verificación detallada, o proxecto cumpre as condicións de subvencionabilidade establecidas nestas bases».

-Engádesse un novo punto 7.3 ao artigo 7º:

«7.3. Para os beneficiarios sinalados no punto 2.4 anterior, estas axudas concederanse ao abeiro do Regulamento (CE) 1628/2006, do 24 de outubro de 2006 (DOUE L 302/29, do 1 de novembro), relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas rexionais ao investimento, e serán compatibles con calquera outra axuda sempre e cando o seu cómputo non exceda os límites permitidos para Galicia no dito regulamento».

-Engádesse o seguinte anexo III, «Concellos preferentes», ás bases reguladoras:

ANEXO III

Concellos preferentes

Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal:

A Capela, As Pontes de García Rodríguez, Ares, Cabanas, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugaridos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño.

Comarcas da Costa da Morte:

A Laracha, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muros, Muxía, Ponteceso, Santa Comba, Vimianzo e Zas.

Comarca de Valdeorras:

A Veiga, A Rúa, Carballada de Valdeorras, Larouco, O Barco de Valdeorras, Petín, Rubiá, Vilamartín e O Bolo.

Outras localizacións preferentes:

ANEXO

Provincia da Coruña:

Abegondo	Frades	Porto do Son
Aranga	Irixoa	Roís
Arzúa	Lousame	Santiso
Baña, A	Melide	Sobrado
Betanzos	Mesía	Toques
Boimorto	Negreira	Tordoia
Boqueixón	Noia	Touro
Brión	Ordes	Trazo
Cerceda	Outes	Val do Dubra
Cesuras	Oza dos Ríos	Vedra
Coirós	Paderne	Vilasantar
Curtis	Padrón	Vilamaior
Dodro	Pino, O	

Provincia de Lugo:

Abadín	Guitiriz	Pobra do Brollón, A
Alfoz	Guntín	Portomarín
Antas de Ulla	Incio, O	Quiroga
Baleira	Láncara	Rábade
Baralla	Lourenzá	Ribadeo
Barreiros	Meira	Ribas de Sil
Becerreá	Mondoñedo	Ribeira de Piquín
Begonte	Monforte de Lemos	Riotorto
Bóveda	Monterroso	Samos
Burela	Muras	Sarria
Carballedo	Navia de Suarna	Saviñao, O
Castro de Rei	Negreira de Muñiz	Sober
Castroverde	Nogais, As	Taboada
Cervantes	Ouro	Trabada
Cervo	Outeiro de Rei	Triacastela
Corgo, O	Palas de Rei	Valadouro, O
Cospeito	Pantón	Vicedo, O
Chantada	Paradela	Vilalba
Folgoso do Courel	Páramo, O	Viveiro
Fonsagrada, A	Pastoriza, A	Xermade
Foz	Pedrafita do Cebreiro	Xove
Friol	Pol	

Provincia de Ourense:

Allariz	Gomesende	Punxín
Amoeiro	Gudiña, A	Quintela de Leirado
Arnoia, A	Irixo, O	Rairiz de Veiga
Avión	Laza	Ramirás
Baltar	Leiro	Ribadavia
Bande	Lobeira	Riós
Baños de Molgas	Lobios	San Amaro
Beade	Maceda	San Cristovo de Cea
Beariz	Manzaneda	San Xoán de Río
Blancos, Os	Maside	Sandiás
Boborás	Melón	Sarreaus
Bola, A	Merca, A	Taboadela
Calvos de Randín	Mezquita, A	Teixeira, A
Carballada de Avia	Montederramo	Toén
Carballiño, O	Monterrei	Trasmiras
Cartelle	Muñíos	Verea
Castrelo de Miño	Nogueira de Ramuín	Verín
Castrelo do Val	Ombra	Viana do Bolo
Castro Caldelas	Paderne de Allariz	Vilamarín
Celanova	Padrenda	Vilar de Barrio
Genlle	Parada de Sil	Vilar de Santos
Coles	Pereiro de Aguiar, O	Vilardevós
Cortegada	Peroxa, A	Vilariño de Conso
Cualedro	Piñor	Xinzo de Limia
Chandrexa de Queixa	Porqueira	Xunqueira de Ambía
Entrimo	Pobra de Trives, A	Xunqueira de Espadanedo
Esgos	Pontedeiva	

Provincia de Pontevedra:

Agolada	Dozón	Oia
Arbo	Estrada, A	Pazos de Borbén
Barro	Forcarei	Ponte Caldelas
Campo Lameiro	Fornelos de Montes	Portas
Cañiza, A	Lama, A	Rodeiro
Catoira	Lalín	Salvaterra de Miño
Cerdedo	Meis	Silleda
Cotobade	Mondariz	Vila de Cruces
Covelo, O	Mondariz-Balneario	Valga
Crecente	Moraña	
Cuntis	Neves, As	